

MEMORIA PROPOSTA PARA A CONVOCATORIA, POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO ADMINISTRATIVO/A SECRETARÍA DA VALEDORA DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO.

A Valedora do Pobo é a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución, estendéndose a súa actividade á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía.

O artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo establece o réxime do persoal da institución, determinando que o persoal ao seu servizo, dependerá orgánica, funcional e disciplinariamente da Valedora do Pobo. O persoal ao servizo da Institución, segundo establece o mesmo artigo, deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á oficina por libre designación, segundo a relación de postos de traballo.

O posto de administrativo/a secretaría da Valedora, que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020) co número 12, atópase na actualidade vacante e cuberto de forma temporal mediante comisión de servizos.

As funcións do dito posto consisten na prestación de funcións de asistencia administrativa e directa á persoa titular da Valedora do Pobo e, por encomenda desta, a realización das funcións e tarefas que, sendo propias da súa categoría profesional, aquela determine en razón das demais necesidades do servizo, como a atención directa á cidadanía, xestión da recepción e saída de documentos por rexistro, elaboración, recompilación e ordenación de documentación derivada da actividade da Institución, o apoio na alimentación e explotación das bases de datos, edición e transcripción, e actualización dos contidos da páxina web da Institución.

Dada a necesidade de cobertura do citado posto de traballo e o carácter temporal da cobertura do mesmo mediante comisión de servizo (artigo 32 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia), estímase procedente proceder á súa adscrición mediante o procedemento de libre designación (artigo 29 do Estatuto de Persoal do Parlamento), que é a forma de provisión prevista para este posto na vixente relación de postos de traballo da Institución do Valedor do Pobo.

En consecuencia,

PROPONSE,

A aprobación da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de administrativo/a secretaria da Valedora da Institución do Valedor do Pobo, conforme ás bases que se detallan no documento anexo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María José castro Carballal
Xefa de Servizo de Administración e Persoal

EXCMA. SRA VALEDORA DO POBO